



Un mundo sen paz

Description



Resulta unha verdade a medias considerar que o mundo actual é menos conflictivo que en épocas pasadas. Pero a realidade amosa que o mundo de 2007 non é menos pacífico que os de anos anteriores. A maioría dos conflitos actuais ilustran unha dinámica propia e antecedentes de maior data, incrementados no seu impacto pola actual estratexia de guerra global contra o terrorismo comandada por Washington e os seus aliados. (Foto: Cadáver dunha das vítimas do conflito na rexión sudanesa de Darfur. Nos derradeiros tres anos, o drama humanitario nesta rexión cobrou a vida de 200.000 persoas e máis de dous millóns de desprazados).

A ONU anunciou unha nova celebración do Día Internacional da Paz este 21 de setembro de 2007, pero ningunha acontecemento ilustraba o significado desta data. Os medios abrían titulares cun asasinato político no Líbano, o constante martirio dos palestinos no territorio inimigo de Gaza, ventos de guerra anunciados cara Irán e unha nova declaración de guerra de Al Qaida para recuperar Al Andalus, liberar ao Magreb e iniciar unha yihad contra o presidente paquistanés.

Botar unha ollada sucinta ao escenario internacional ilustra como a rexión de Oriente Medio, cunha circunvalación xeopolítica que vai dende o Magreb ata Asia Central, plasma o epicentro dos conflitos do mundo actual ou, alomenos, os máis importantes dende a perspectiva informativa.

Neste espazo xeográfico se desenvolven os conflitos máis agudos para a seguridade internacional, con expresións detalladas en Palestina, Líbano, Iraq, Irán, Curdistán, Afganistán, Alxeria, Siria, Israel e a actividade do terrorismo

Algunhas das principais tendencias.

O Oriente Medio tamÃ©n ocupa a atenciÃ³n central das principais potencias. EEUU navega en augas turbulentas causadas pola sÃ³a avaricia xeopolÃtica e enerxÃtica, aumentada agora cun incremento das sÃ³as axudas militares aos seus aliados que de seguro espallarÃn as tendencias conflitivas.

Europa asiste como un convidado de pedra, sen iniciativa propia e actuando case como avaliador das pretensiÃ³ns de Washington. Rusia tenta moderar un equilibrio baseado nos seus intereses, mentres China mantÃ³n a sÃ³a tradicional posiciÃ³n observadora sen que isto signifique non dar a coÃ±ecer os seus intereses e puntos de vista.

Resulta unha verdade a medias considerar que o mundo actual Ã© menos conflitivo que en Ã©pocas pasadas. Pero a realidade amosa que o mundo de 2007 non Ã© menos pacÃfico que o de anos anteriores. Se vive un drama humanitario e un xenocidio oficial na rexiciÃ³n sudanesa de Darfur, cun impacto que atrae escasa atenciÃ³n polÃtica e informativa con respecto, por exemplo, Ã¡ triste desapariciÃ³n da cativa MÃ©gan McCane.

Somalia estase a converter nun importante foco de expansiÃ³n do islamismo global mentres a poboaciÃ³n palestina de Gaza estÃ¡ a piques de vivir un drama humanitario de magnitude incalculable, produto do illamento internacional propiciado por Israel.

Outros focos conflitivos estÃ¡n localizados en Sri Lanka, Myanmar, Indonesia, os BalcÃns e Colombia, cunhas poboaciÃ³ns e actores involucrados que transitan polos labirintos conceptuais do que se chama conflitos de baixa intensidade e que sÃ³ chaman a atenciÃ³n cando logran espallarse en nÃºmero de vÃctimas.

Non se esquecen os procesos de paz. Irlanda do Norte deu un formidable exemplo en maio pasado cun acordo histÃ³rico de goberno entre protestantes e catÃ³licos. PaÃses como Guatemala e O Salvador iniciaron con Ãxito a mediados dos anos noventa diversos procesos de paz.

PaÃses como Liberia, Congo ou CÃ³t d'Ivoire tamÃ©n iniciaron tÃ©midos pero efectivos procesos de paz mentres o continente africano semella avanzar cara unha saudable opciÃ³n democrÃtica.

Pero a pobreza, a desigualdade socioeconÃmica e a fragmentaciÃ³n social en diversos paÃses en desenvolvemento ameazan con desarticular os seus Estados e instituciÃ³ns, tanto como o trÃ¡fico e proliferaciÃ³n de armamentos, nuclear, quÃmico e biolÃxico segue a constituÃr unha realidade preocupante para a seguridade internacional.

Polo tanto, non Ã© a guerra contra o terrorismo a principal fonte de conflitos no mundo de 2007 senÃ³n que a maior parte, calquera sexa a sÃ³a intensidade, posÃ³en unha dinÃmica propia e antecedentes de maior data.

Unha estatÃstica do Stockholm International Peace Research Institute, SIPRI de xuÃ±o de 2007, contabiliza en medio cento os conflitos no mundo, sendo a maior parte de natureza intraestatal e irregular, manifestadas entre un goberno e unha entidade armada non estatal. A idea kantiana da paz mundial segue a ser unha utopÃa no sÃ©culo XXI.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARCHIVE Others

IDIOMA

Galego

Date Created

September 21, 2007

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2007-09-21 00:00:00